



Unión Europea

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))**

**CLAÚSULA 1.- OBXECTO DO PREGO:**

É obxecto deste prego a prestación de servizos de información e asesoramento a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES) e a súa consolidación, por persoal especializado, co obxectivo de promover o emprego de acordo co previsto na estratexia "DUSI VIGO VERTICAL" (obxectivo 9.18).

Estas accións serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "EDUSI VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

A estratexia DUSI "Vigo Vertical",, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso. O servizo deberá ser o máis completo posible e axustado ás diferentes necesidades que os emprendedores e empresarios precisen, independentemente do estado de desenvolvemento da idea ou do proxecto e do sector de actividade a que se refire, sendo fundamental que a información ofrecida sexa clara, concreta, actualizada e contrastada cos organismos oficiais competentes segundo a materia.

**CLAÚSULA 2.- CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO**

Para levar adiante os seus obxectivos, durante o período que se desexa contratar, se realizarán as accións de asesoramento, difusión e apoio que sexan precisas, tanto para por en marcha novos proxectos empresariais como para a consolidación das empresas e autónomos que o soliciten.

A atención a empresas e emprendedores será de cando menos de 39 horas semanais a nivel presencial nos centros nos que se desenvolva a prestación do servizo.

As tarefas a desenvolver pola empresa adxudicataria será cando menos:

- Información e asesoramento xeral a emprendedores, con especial referencia ao emprendemento social e á innovación tecnolóxica, así como información sobre os recursos dispoñibles para axudar á consolidación das pemes e autónomos.
- Información e asesoramento sobre lexislación nacional, autonómica e local vixente.
- Realización e actualización de contidos e documentación sobre recursos de apoio ao emprendemento.
- Difusión do proxecto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2018 10:27	Páxina 1 de 3
Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018	CSV: 2CE44-2E3EC-D24A4-CDD83	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CLAÚSULA 3. COORDINADOR/A.**

A empresa adxudicataria deberá contar cun/cunha coordinador/a con plena disponibilidad cada menos durante o tempo de prestación do servizo que será o interlocutor do concello.

Deberá ter experiencia en posto de características similares de coordinación e/ou dirección relacionados co asesoramento a pequenas e medianas empresas e emprendedores de cando menos catro (4) anos.

**CLAÚSULA 4.- LUGAR E HORARIO DE PRESTACIÓN DEL SERVICIO**

A empresa adxudicataria prestará os seus servizos de asesoramento nos locais municipais habilitados ao efecto no Centro Municipal de Emprego (r/Oporto 1), e no Centro de Iniciativas de Emprego (R/Arq. Pérez Bellas. 9 - Soto), dependentes do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

O empreamento poderá ser modificado a instancias do responsable do contrato si o considera necesario en función da demanda de asesoramento. O horario de atención ao público será de cando menos de 39 horas semanais.

**CLÁUSULA 5: PLAN DE PRESTACIÓN DO SERVICIO.**

O proxecto de traballo presentado polas empresas licitadoras, determinará:

- Como organizar a prestación das actividades de asesoramento con detalle cando menos das tarefas seguintes:
  - Asesoramiento xeral.
  - Plan de empresa.
  - Apoio ao financiamento empresarial.
  - Emprendemento social.
  - Emprendemento en sectores tecnolóxicos.
  - Constitución de empresas.
  - Asesoramento sobre transmisión de empresas.
  - Elaboración de contidos documentais.
  - Plan de publicidade e difusión do proxecto.
- O persoal que adscribirá ao servizo, coas súas características profesionais e as tarefas a desenvolver dentro do proxecto.
- Os medios técnicos que vai adscribir ó servizo, así como á metoloxía e a axilidade na substitución do mesmo en caso de continxencias xurdidas.

A prestación do servizo no relacionado a horarios de atención e asesoramento e das instalacións nas que se presta o servizo, poderá ser modificado a instancias do responsable do contrato, en función do cumprimento de obxectivos do proxecto.

**CLÁUSULA 6: REUNIÓN DE COORDINACIÓN**

O/A contratista comprométese a manter as reunións de coordinación que fosen necesarias, coa persoa responsable do contrato designada polo Concello ao obxecto de unificar criterios de traballo, así como a seguir en todo momento as orientacións que de orde xeral sexanlle formuladas



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2018 10:27	Páxina 2 de 3
Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018	CSV: 2CE44-2E3EC-D24A4-CDD83	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



polo devandito Servizo

**CLÁUSULA 7: INFORMES**

A entidade adxudicataria deberá presentar en formato dixital cando menos os informes seguintes:

1. Informe mensual, semestral e resumo anual dos resultados e do grao de satisfacción acadados, das persoas e empresas obxecto de asesoramento.
2. Informe final cos resultados obtidos.
3. O Concello poderá solicitar á entidade adxudicataria os datos ou valoracións que considere necesarias.

**CLÁUSULA 8. PERSOAL DO CONTRATISTA.**

Para a prestación do servizo, o contratista deberá dispor en todo momento do persoal que resulte preciso para atender ao cumprimento das súas obrigas. O persoal da empresa adxudicataria queda obrigado, durante o tempo que esté nos locais do Concello de Vigo, a cumprir a normativa sobre seguridade e hixiene no traballo, así como as instrucións sobre organización e funcionamento dos servizos.

**CLÁUSULA 9. FACULTADE DE INSPECCIÓN.**

A administración contratante podrá inspeccionar, tanto ao persoal como o seu traballo, en todo o establecido no presente prego, así como comprobar o servizo prestado cando considere oportuno. En caso de incumprimento da estipulacións establecidas nos Pregos de Prescricións Técnicas e Cláusulas Administrativas Particulares, comunicarásello por escrito ao adxudicatario, facendo constar a anomalía detectada.

Vigo a data sinatura dixital

O xefe de Desenvolvemento Local e Emprego  
Asdo.

Francisco J. Gutiérrez Orúe

Conforme:

O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Santos Hector Rodriguez Díaz

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2018 10:27	Páxina 3 de 3
	Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018	CSV: 2CE44-2E3EC-D24A4-CDD83	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		